

INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN

2022

CICLO ACADÉMICO

2014/15 - 2020/21

ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO UNIVERSIDADE DE VIGO

1. DATOS DO PROGRAMA	
DENOMINACIÓN DO PROGRAMA	PD en Análise Económica e Estratexia Empresarial
UNIVERSIDADE RESPONSABLE ADMINISTRATIVA	UNIVERSIDADE DE VIGO
EN CASO DE PROGRAMAS INTERUNIVERSITARIOS, UNIVERSIDADE/S PARTICIPANTE/S	Universidade de Vigo Universidade de Santiago de Compostela Universidade da Coruña
CENTRO/ESCOLA RESPONSABLE	ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO (EIDO)
CENTRO/S PARTICIPANTES	Universidade de Vigo (Escola Internacional de Doutoramento-EIDO) Universidade de Santiago de Compostela (Escola de Doutoramento Internacional-EDIUS) Universidade da Coruña (Escola Internacional de Doutoramento_EIDUDC)
CÓDIGOS ISCED	ISCED 1: Economía (código 314) ISCED 2: Administración e xestión de empresas (código 34)
CURSO DE IMPLANTACIÓN	2014/15
DATA ACREDITACIÓN EX ANTE (VERIFICACIÓN)	23/07/2014
DATA RENOVACIÓN ACREDITACIÓN	

Validado pola Comisión de Calidade da EIDO da Universidade de Vigo o día 25 de marzo de 2022

Aprobado pola CAPD do programa o día 23 de marzo de 2022

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: O programa de doutoramento implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada e, no seu caso, nas súas respectivas modificacións.

1.1.- O programa mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina e dos avances científicos e tecnolóxicos. Os cambios introducidos no programa e que non se someteran a modificación non alteran o nivel 4 do MECES e permitiron a súa actualización de acordo cos requisitos da disciplina.

Aspectos a valorar:

- O perfil de egreso do programa mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito, tendo en conta os avances científicos e tecnolóxicos da disciplina.
- Imbricación do programa na estratexia de I+D+i da Universidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Este programa foi deseñado no curso académico 2013/14 como transformación dun programa anterior (P. D. en Economía e Empresa) organizado na Universidade de Vigo coa colaboración de distintos grupos de investigación das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo. Nese curso foi conformada a Rede Galega de Investigación en Análise Económica e Estratexia Empresarial con catro grupos da Universidade de Vigo, dous da Universidade de Santiago de Compostela e dous da Universidade da Coruña, todos eles recoñecidos como grupos de referencia financiados pola Xunta de Galicia. Un dos obxectivos da Rede era potenciar a formación de novos investigadores a través dun programa de doutoramento interuniversitario que, con suficiente masa crítica, sumara os potenciais das tres universidades galegas.

A proposta deste programa de doutoramento respondía á intención de integrar nun mesmo programa a investigadores das áreas de economía e empresa das universidades do SUG que publicaban os seus resultados de investigación en revistas académicas de difusión internacional, co fin de que os egresados foran quen de publicar partes das súas teses en revistas indexadas no JCR ou no SJR.

Na memoria do programa, verificado con data 23/07/2014, aos grupos que conformaban a Rede, engadíronse investigadores cualificados doutros grupos así como investigadores doutras áreas relacionadas.

A partir da convocatoria no DOG de Agrupacións Estratéxicas do ano 2015 conformouse ECOBAS (Economics and Business Administration for Society) para a que un dos seus eixos estratéxicos foi desde o inicio a formación de investigadores apoiándose no xa iniciado Programa Interuniversitario de Doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial. Aínda que inicialmente ECOBAS se conformou con grupos da UVIGO e da UDC, o Programa Interuniversitario de Doutoramento contou e segue a contar tamén cos grupos da USC que conformaron a mencionada Rede de grupos e co apoio explícito da Agrupación Estratéxica ECOBAS. Esta Agrupación pasou a ser, dende o pasado ano 2021, un Centro de Investigación Interuniversitario, para o cal, o Programa de Doutoramento que aquí se analiza segue a ser unha prioridade formativa.

Grupos de investigación relacionados co programa e relación cos centros de investigación da universidade:

O Programa contou inicialmente co apoio dos seguintes grupos de investigación:

Grupo Economía dos Recursos Naturais e Ambientais, (ERENEA), UVIGO
 Grupo Research in Economics, Energy and Environment, (REDE), UVIGO
 Research Group in Economic Analysis (RGEA), UVIGO
 Distribución da renda e mercado laboral (EA7), UVIGO
 Group of Researchers in Empirical Economics (GriEE), UVIGO
 Statistical Inference, Decision and Operations Research (SiDOR), UVIGO
 Grupo de investigación de Estudios Económicos: Transporte, trabajo y sostenibilidad, UDC
 Grupo de Estudios de Historia de La Empresa (GEHE), UDC
 Grupo de Investigación en Macroeconomía y Salud (MACROSALUD), UDC
 Grupo de Investigación en Regulación, Economía y Finanzas (GREFIN), UDC
 Grupo Jean Monnet de Competitividad y Desarrollo en la Unión Europea (Grupo C+D), UDC
 Grupo de Estudios económicos: transporte, trabajo y sostenibilidad (MAJEFRE), UDC
 Grupo de análisis económico de los mercados e instituciones (AEMI), USC
 Grupo de economía ambiental y gestión sostenible de los rec. naturales (ECON-NATURA), UDC
 Grupo de modelos de optimización, decisión, estadística y aplicaciones (MODESTYA), USC
 Grupo de valoración financiera aplicada (VALFINAP), USC
 Co paso dos anos algúns dos grupos transformáronse ou reorganizáronse. Na actualidade, os grupos especificamente relacionados co programa son:

C+D Group (Competitividade e desenvolvemento rexional na Unión Europea), UDC
 ECOSOT (Economía, Sociedade e Territorio), UVIGO
 ECO-Iuris (Grupo de Análise Xurídico-Económica), USC
 EMAF (Economic Modeling and Forecasting), UVIGO
 ERENEA (Economía dos recursos naturais e ambientais), UVIGO
 G4_PLUS (Desenvolvemento estratéxico: organizacións e territorios), UVIGO
 GEN (Governance and Economics Research Network), UVIGO
 GRIEE (Group of Researchers on Empirical Economics), UVIGO
 IC2 (Intellectual Capital and International Company), UVIGO
 iMark (Group of Researchers in Marketing Research), UVIGO
 REDE (Research Group in Energy, Innovation and Environment), UVIGO
 RGEAF (Research Group in Econ. Analysis, Accounting and Finance), UVIGO
 iMARKA (Investigación en Marketing Aplicado), UDC
 GREFIN (Grupo de Investigación en regulación, econ. y finanzas), UDC
 EDaSS (Economic Development and Social Sustainability), UDC
 FYSIG (Dirección Financiera y Sistemas de Información para la Gestión), UDC
 GEHE (Grupo de Estudios de Historia de La Empresa), UDC
 MACROSALUD (Grupo de Inv. en Macroeconomía y Salud), UDC
 AEMI (Grupo de análisis econ. de los mercados e instituciones), USC
 VALFINAP (Grupo de valoración financiera aplicada), USC

É significativo sinalar que o Programa colabora con outros grupos de investigación do SUG e con investigadores que están preferentemente involucrados noutros programas de doutoramento. Este é o caso de distintos investigadores das áreas de estatística do grupo MODESTYA da USC que figuraba na memoria inicial deste Programa, ou de investigadores de grupos que conforman o do Campus "do Mar" o do Campus da Auga cos que temos doutorandos e/ou directores de tese en común.

A **oferta** inicial no Programa foi de 12 prazas por universidade que pola normativa vixente podía incrementarse nun 20% para alumnos non comunitarios. Tamén podía incrementarse debido a convenios con outras universidades nos cales se especificaba que as prazas ocupadas en función do convenio non se restarían da oferta inicial. Os datos correspondentes recóllense na táboa IPD1.

No indicador IPD2 se recolle a **demanda** de prazas que, xa no primeiro ano, chegou a case o 150% das prazas ofertadas. A demanda foi crescendo curso a curso, sendo do 275% nos cursos 2019/20 e 2020/21.

Valor do programa na estratexia galega, nacional e europea de I+D+i:

O Programa estivo inicialmente integrado nos obxectivos da Rede Galega de Investigación en Análise Económica e Estratexia Empresarial e pouco máis tarde (desde 2015) nas prioridades da Agrupación Estratéxica ECOBAS que se baseaban nas necesidades e recomendacións recollidas nas "Estratexias de Especialización Intelixentes" RIS3 e RIS3T, na Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía EECTI, nas prioridades de investigación da Unión Europea e nos Obxectivos para o Desenvolvemento Sostible (ODS). Na actualidade segue a estar integrado nas prioridades e obxectivos do Centro de Investigación Interuniversitario ECOBAS.

Máis especificamente, dentro das liñas de investigación das áreas da economía e da empresa entendidas no sentido máis amplo, o Programa pretende fomentar e potenciar a formación de calidade, acadar un maior impacto e proxección económica e social, progresar na internacionalización, e abordar liñas de investigación emerxentes relacionadas coas prioridades de I+D+i sinaladas no marco europeo e noutros temas situados na fronteira do coñecemento.

1.2.- O programa dispón de mecanismos para garantir que o perfil de ingreso dos doutorandos é axeitado e o seu número é coherente coas características e a distribución das liñas de investigación do programa e o número de prazas ofertadas.

Aspectos a valorar:

- O perfil de ingreso dos doutorandos e o seu número é coherente coas características e a distribución das liñas de investigación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O programa inclúe nominalmente un total de trece liñas de investigación correspondentes tanto ás áreas de Economía como de Empresa. Na práctica, as liñas de investigación sinaladas na memoria son permeables, sendo frecuente que un investigador/a publique os seus traballos baixo os indicadores JEL (Journal of Economic Literature) que corresponden a varias liñas das incluídas no Programa (ver Táboa 1-PDI). Por outra banda calquera especificación dos indicadores que aparecen no JEL pode ser asociada con unha ou varias liñas das contempladas na memoria do Programa.

Os requisitos previos suxeridos polos potenciais directores de teses son moi diversos. O denominador común pode reducirse, e efectivamente redúcese na maioría dos casos, a ter unha licenciatura/grao ou un mestrado en economía ou en empresa. Poden darse casos de persoas que non tendo estudos específicos de economía ou empresa sexan bos candidatos para o ingreso no programa dada a interrelación das áreas da Economía con outras disciplinas como poden ser a socioloxía, con incidencia no marketing, o dereito (normativas legais, patentes), a enxeñaría ou as ciencias e a tecnoloxía (organización industrial, valoración, análise coste-beneficio dos proxectos).

Os criterios de avaliación das persoas solicitantes para o ingreso no Programa son os sinalados na memoria inicial: valorase en primeiro lugar o expediente académico do candidato/a e en segundo lugar valorase se ten iniciado traballos de investigación coa supervisión dun potencial director/a da súa futura

tese.

Certamente é frecuente que os potenciais directores/as prefiran persoas familiarizadas coas técnicas cuantitativas (técnicas econométricas), que van ser útiles tanto na investigación nas áreas de Economía coma nas de Empresa. A normativa actual require que os candidatos ao programa teñan cursado despois do grao un máster universitario totalizando a lo menos 300 créditos ECTS. Na práctica, grazas aos servizos administrativos das tres universidades, todos os solicitantes compren o requisito legal pero non son moitos os que teñen cursado nos seus respectivos estudos técnicas de análise de datos. Consecuentemente, o Programa ofrece como actividades formativas específicas do mesmo un curso de Econometría e outro de Técnicas de Investigación en Economía e Empresa. Tamén se lles ofrece un curso de Procura, Valoración e Tratamento de Referencias Bibliográficas impartido pola Biblioteca Central da Universidade de Vigo. Esta oferta formativa ten en xeral un carácter voluntario aínda que se recomenda o seu seguimento. En todo caso, o director/a de tese pode requirir ao seu doutorando/a que realice actividades formativas ou que curse determinados complementos de formación.

O proceso de selección baséase no expediente académico, tendo preferencia os alumnos con estudos de grao e máster en Economía ou Empresa. Tamén son ben valorados os procedentes de estudos de grao en Enxeñaría, non descartándose inicialmente outros con estudos en Matemáticas, Ciencias, Socioloxía, Dereito, etc. Tamén é moi relevante para a admisión que o solicitante conte no momento da preinscrición co compromiso dun académico do Programa para dirixir a súa tese.

No primeiro ano non houbo moita presión na demanda en relación coa oferta de prazas pero nos seguintes, a demanda superou á oferta, tanto na Universidade da Coruña como na de Vigo.

O número de profesores/as involucrados no Programa, así como a diversidade das liñas de investigación ofertadas, fan que a capacidade para dirixir teses sexa mais que suficiente para absorber o número de prazas ofertadas. A dificultade principal céntrase nas esixencias de dedicación requiridas para completar o doutoramento.

A información recollida no IPD13 mostra, por exemplo, que un 40% dos estudantes sinalan ao matricularse a liña de "Organización e estratexia da empresa" o que reflicte que teñen titulación en Ciencias Empresariais. Cabe subliñar que a liña 9 abarca distintas especialidades das Ciencias Empresariais. Por outra parte, unha porcentaxe similar dos profesores do Programa son especialistas nesta liña de investigación.

1.3.- O programa dispón de mecanismos axeitados de supervisión dos doutorandos e, se procede, das actividades formativas.

Aspectos a valorar:

- Os mecanismos de supervisión dos doutorandos son axeitados e correspóndense co establecido na memoria de verificación (asignación do titor e director de tese, control do documento de actividades do doutorando, valoración anual do plan de investigación, normativa de lectura de teses... e todos aqueles que a Comisión Académica do programa teña establecido).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os mecanismos de supervisión dos doutorandos correspóndense co establecido na memoria inicial de verificación.

Procedementos

No inicio de cada curso académico, a CAPD convoca ao estudantado xa matriculado a unha reunión para informar dos procedementos, actividades e requisitos do Programa. Na reunión se lles explican as funcións do titor, do director e da Comisión Académica. Se informa da programación das actividades formativas, das salas e lugares de traballo dispoñibles en cada unha das universidades, das facilidades que ofrecen as universidades participantes (ocio, deporte, cursos de idiomas, bibliotecas, etc.), e do

funcionamento da secretaría virtual. Tamén se informa do réxime de dedicación, dos tempos máximo e mínimo legalmente establecidos para finalizar o Programa e dos requisitos establecidos na memoria do Programa para que a CAPD autorice a presentación de tese nas respectivas Escolas de Doutoramento de cada unha das universidades.

Asignación de titor: a todo o alumnado matriculado se lles asigna un titor de xeito inmediato.

No caso de que o alumno ou alumna teña ingresado no Programa con algunha carta de recomendación ou compromiso de dirección por parte dun profesor/a do Programa, este/a é nomeado titor da/o estudante. Noutro caso, a Comisión Académica (CAPD) asigna titor en función das liñas de investigación sinaladas polo estudante previa aceptación da persoa que vai exercer esta función. Se non houbera acordo, o coordinador do Programa na respectiva universidade actúa de titor. Unha vez que a/o alumna/o ten asignado directora ou director de tese, se esta persoa é membro do Programa, asumirá as funcións de tutoría do estudante.

Director/a de tese: No caso de que o alumno ou alumna teña ingresado no Programa con algunha carta de compromiso de dirección por parte dunha persoa que reúna os requisitos legalmente esixidos, a CAPD a nomeará director ou directora da tese.

Noutro caso, o titor informará ao estudante das persoas potenciais directoras de acordo coas preferencias do estudante relativas as liñas ou temas de investigación e, no seu caso, organizará as entrevistas persoais entre o estudante e cada unha das persoas potenciais directoras para concretar e asinar o Compromiso Documental de Supervisión.

Cursos e actividades formativas: Os directores/directoras de tese son responsables de recomendar as actividades formativas a realizar polo estudiantado que dirixen. Finalmente valoran e, no seu caso, aproban a realización das mesmas para seren recollidas na secretaría virtual. Tamén asesoran e comparten co seu estudante o plan de investigación e, anualmente, emiten o correspondente informe sobre o desenvolvemento do mesmo.

O alumnado deste Programa está informado desde o inicio dos requisitos esixidos pola CAPD para que se poida iniciar o trámite da defensa da tese. En particular, o alumno/a ten que impartir un seminario no que expoña á comunidade académica os contidos da súa tese e deberá ter publicado ou aceptado para publicación un artigo nunha revista académica incluída no JCR ou SJR.

Resultados de satisfacción en relación coa supervisión dos doutorandos e coas actividades formativas:

O estudiantado realmente involucrado no Programa ten mostrado ao longo destes anos un alto nivel de satisfacción coas actividades formativas programadas. As poucas excepcións débense a casos nos que o estudante non tiña conciencia do esforzo e dedicación esixidos para a realización dunha tese de doutoramento. Os estudantes manteñen unha excelente relación académica cos directores/as da tese. Ao longo dos anos, a CAPD no ten recollido ningún conflito que puidera implicar un cambio de director ou directora de tese.

1.4.- Garántese unha adecuada coordinación no caso dos programas interuniversitarios e as colaboracións previstas na memoria desenvóléronse adecuadamente.

Aspectos a valorar:

- O funcionamento dos mecanismos de coordinación entre as universidades que imparten o programa.
- Repercusión no programa das colaboracións con outras institucións, organismos ou centros, se se acadou o obxectivo establecido nas ditas colaboracións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**Coordinación**

Desde o inicio da preparación da memoria de solicitude do Programa e ata a actualidade, a coordinación das tres universidades foi moi fluída. Pódese dicir que practicamente todas as semanas mantivemos intercambios de información entre as coordinadoras das universidades de Santiago e A Coruña e o coordinador na UVigo: María Loureiro (USC), Emma Iglesias (UDC) e Carlos Hervés (UVIGO). As persoas responsables do Programa en cada universidade, que seguen a ser as mesmas desde o inicio, tamén coordinan nas súas universidades aos membros da Comisión Académica.

Dáse a circunstancia que estas persoas tamén teñen coordinado nas súas respectivas universidades a Rede de Grupos en Análise Económica e Estratexia Empresarial e, a partir de 2015, a Agrupación Estratéxica ECOBAS. Na actualidade son membros da dirección do Centro de Investigación Interuniversitario ECOBAS (Carlos Hervés é o Director, María Loureiro é a Directora Científica e Emma Iglesias é a Secretaria). Esta circunstancia ten favorecido a interrelación entre o Programa de Doutoramento, os grupos de investigación e ECOBAS, potenciando as solicitudes de financiación pública dos novos estudantes, facilitando estadias do estudiantado e a participación en congresos, conferencias e workshops.

Coordinación coas outras universidades que forman parte do programa:

Ao inicio do Programa a Comisión Académica estaba formada por dez persoas:

Carlos Hervés Beloso (Presidente, UVIGO), Xosé Henrique Vázquez Vicente (Secretario, UVIGO), Juan Surís Regueiro (UVIGO), Jaime Alonso Carrera (UVIGO), Emma Iglesias Vázquez (coordinadora na UDC), Andrés Faíña Medín (UDC), Domingo Calvo Dopico (UDC), María Loureiro García (coordinadora na USC), Manel Antelo Suárez (USC), Antonio Rodríguez Sampayo (USC).

Xa no curso 2014/15, renunciou o profesor da UDC Domingo Calvo Dopico pasando a ser substituído polo profesor da mesma universidade José Manuel Sánchez Santos. O profesor Jaime Alonso Carrera presentou a súa renuncia en xuño de 2015 pasando a ser substituído pola profesora da mesma universidade Belén Fernández-Feijóo Souto quen asumiu as labores de secretaria da Comisión desde esa data en substitución do profesor Xosé Henrique Vázquez Vicente. Por mor da súa xubilación, o profesor da UDC Andrés Faíña Medín deixou a CAPD en marzo de 2019 sendo substituído polo profesor da mesma universidade José López Rodríguez.

Debido a unha baixa de curta duración por motivos de saúde, a secretaria foi substituída nunha das reunións da CAPD do curso 2020-2021 polo profesor Xosé Henrique Vázquez Vicente. Non houbo mais cambios nin substitucións sendo, polo tanto, a composición da CAPD a seguinte:

UVIGO:

Carlos Hervés Beloso (Presidente)

Belén Fernández-Feijóo Souto (Secretaria)

Xosé Henrique Vázquez Vicente

Juan Surís Regueiro

UDC:

Emma Iglesias Vázquez

José Manuel Sánchez Santos

José López Rodríguez

USC:

María Loureiro García

Manel Antelo Suárez

Antonio Rodríguez Sampayo.

A coordinación entre as tres universidades materialízase a través das reunións da Comisión Académica. As reunións realízanse "online". Tras intercambiar entre as persoas coordinadoras a información relativa aos puntos a tratar relativos a cada unha das universidades, redáctase un borrador no que se recollen os distintos acordos. O borrador da acta compártese entre todos os membros da CAPD que poden suxerir cambios, obxeccións, rectificacións, etc. Unha vez aprobada a redacción definitiva, a acta asinada é remitida a coordinación de cada unha das universidades nas que queda arquivada.

A Comisión Académica reúne-se sempre que as circunstancias así o requiren.

O número de reunións por curso académico foi o seguinte:

6 actas no curso 2014/2015,

14 no curso 2015/2016,

22 no curso 2016/2017,

22 no curso 2017/2018,

26 no curso 2018/2019,

30 no curso 2019/2020 e

27 no curso 2020-2021.

O contido completo das 147 actas xeradas dende o inicio do Programa e ata o final do curso 2020/2021 se recolle no documento correspondente (EPD7 e EPD15).

Colaboración con outras institucións (convenios de colaboración, actividades e resultados):

É relevante subliñar que está en vigor o convenio asinado entre as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a posta en marcha do título.

No inicio do Programa estaba en vigor unha asociación do noso Programa de Doutoramento co "European Doctorate in Economics Erasmus Mundus" (EDEEM), programa de doutoramento en Economía financiado pola Unión Europea. Este convenio foi asinado polo representante da UVIGO e o coordinador do EDEEM con data de 3 de abril de 2014. Os socios titulares do EDEEM foron: Université Paris I, University of Amsterdam, Universität Bielefeld, Universidade Nova de Lisboa, Université Catholique de Louvain, L'École des Hautes Études en Sciences Sociales e Università Ca' Foscari Venezia, sendo a coordinación levada pola Universidad de Bielefeld (Alemania). Se ben a Unión Europea deixou de financiar este programa, mantemos unha colaboración con estas universidades e con outras como a Universidade Federico II de Nápoles que, como a Universidade de Vigo, foi socia asociada a EDEEM.

A UVigo ten un convenio de intercambio de estudantes coa Universidade de San Luís de Potosí (México). Ao amparo deste convenio recibimos unha alumna de doutoramento desa universidade no ano 2015,

dous alumnos de doutoramento no ano 2019, durante catro meses en cada caso. Tamén recibimos estudantes de doutoramento ao amparo do programa ERASMUS, procedentes de Eslovaquia (2, durante un semestre) e Ucraína (1, durante un ano). Nestes casos, os estudantes non estiveron, nin pretendían estar, inscritos oficialmente no Programa.

Pola súa parte, a Universidade da Coruña ten asinado un convenio coa Universidad Técnica de Machala (Ecuador) pola que cada ano un número de estudantes desa universidade son admitidos oficialmente no Programa.

Na actualidade, e a petición do Instituto Politécnico do Porto (Portugal), estamos a preparar un convenio con esa institución co obxectivo de que se lles reserve unha ou dúas prazas para matricularse oficialmente no Programa. A Universidade de Vigo conta con varios convenios de este tipo asinados con Institutos Politécnicos portugueses, cun alto grado de satisfacción nos programas de doutoramento para os que se asinaron.

As tres universidades que comparten o Programa teñen firmados convenios con institucións e empresas que dan marco legal para as prácticas dos distintos graos e mestrados. Estes convenios son de carácter o suficientemente xeral para dar cabida tamén aos estudantes de doutoramento e seren adaptados ás especificidades da normativa oficial do Doutoramento Industrial que as tres universidades estamos moi interesadas en potenciar.

Independentemente dos convenios asinados con outras institucións, membros do Programa teñen participado en tribunais de tese de universidades nacionais e estranxeiras (Bielefeld, Nova de Lisboa, Oporto, Federico II de Nápoles, Manchester, París I, etc.,). Por outra parte, os contactos internacionais dos profesores e profesoras do Programa fan que nunca tiveramos dificultades para que as alumnas e alumnos do programa fixeran estadias en universidades estranxeiras tanto para estadias curtas como para acadar a mención de doutoramento internacional.

1.5.- A institución da resposta ás posibles recomendacións realizadas no Informe de verificación e no seu caso nos posibles informes de modificacións, así como ás que puideran conter os sucesivos informes de seguimento.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No informe final de avaliación da solicitude de verificación do título se formulaban tres recomendacións de mellora relativas aos criterios 1, 6 e 7.

Recomendacións do informe de verificación (síntese do estado de situación):

Criterio 1: Descrición do programa.

Se recomendaba establecer convenios formais de colaboración con institución académicas e empresas para favorecer a mobilidade dos doutorandos así como a súa formación e realización das teses doutorais.

Con relación ás empresas e institucións, como xa se dixo, as tres universidades que comparten o Programa teñen firmados convenios con empresas para as prácticas dos distintos graos e mestrados que dan cabida tamén ao estudantado de doutoramento. En todo caso, proporcionan o marco xeral para seren adaptados ás especificidades da normativa oficial do Doutoramento Industrial no que as tres universidades estamos moi interesados en potenciar. Pódese ver un histórico destas colaboracións no apartado "Empresas e Instituciones colaboradoras" da web

<https://estudios.udc.es/es/study/start/5033v01>

O alumnado do Programa non está a ter dificultades para ser admitido noutros centros de investigación nacionais ou estranxeiros debido ás relacións académicas con centros e grupos de investigación nacionais e internacionais de moitos dos profesores do Programa. Por exemplo, para acadar a mención de doutoramento internacional, estudantes do Programa fixeron estadias en universidades de Italia, Reino Unido, Portugal, Francia, USA, etc., sen necesidade dun convenio formal.

A financiación para as estadias requiridas para a obtención da mención internacional ou para estadias de mais curta duración e desprazamentos a outros centros non sempre é doada de obter.

Para esta financiación, ademais das axudas complementarias, ás bolsas ou contratos predoutorais, existen convocatorias competitivas de mobilidade nas distintas universidades.

Por outra parte, Inditex financia estadias de investigación aos estudantes do Programa. Na páxina web <https://www.udc.es/es/eid/axudaspredoutorais/> pódese encontrar a información detallada desta financiación.

En todo caso, os grupos de investigación, o propio Programa, e ECOBAS, que ten na formación de investigadores unha das súas prioridades, teñen actuado de forma complementaria nas actividades de mobilidade do estudiantado, de xeito que aínda non se deu o caso dun estudante que por falta de financiación, non puidese presentar o seu traballo nun congreso relevante ou facer o desprazamento de polo menos tres meses para cumprir o requisito de doutoramento internacional.

Tamén con respecto á mobilidade, estamos a potenciar os doutoramentos en réxime de cotutela de tese.

Criterio 6: Recursos Humanos. Se recomendaba fortalecer as liñas de investigación vinculadas á titulación de Empresariais.

Con relación a esta recomendación temos que dicir en primeiro lugar que os nomes das liñas de investigación que figuran no programa deben ser percibidas en sentido amplo e non como compartimentos estancos. A maioría delas dan cabida a investigacións de especialistas tanto nas áreas de Empresa como de Economía. A liña 1 dá cabida a investigacións relacionadas cos ODS no entorno das empresas, na liña 2 teñen cabida investigacións relacionadas coa estratexia empresarial (innovación, internacionalización, marketing). A liña 3 está relacionada coa organización industrial, a liña catro coa xestión da saúde, do ocio, do deporte e, especificamente, coa empresa familiar. A liña 8 contén a financiación empresarial, a nove é especificamente de empresa, a dez contén en particular as estruturas rexionais e urbanas que facilitan o desenvolvemento empresarial e o turismo. A liña 11 encadra traballos relacionados coa información das empresas cara a políticas de igualdade e aos ODS. A 12 inclúe a perspectiva histórica das empresas e a 13 é específica do marketing. Ademais, todas as investigacións das áreas de Empresa poden estar relacionadas coa liña 7 de métodos cuantitativos. Consecuentemente, esta recomendación foi tida en conta.

Mais explicitamente, as evidencias poñen de manifesto que a maioría do estudiantado egresado fixo a tese en temas relacionados coas áreas das Ciencias Empresariais.

Criterio 7: Recursos materiais e apoio dispoñibles para os doutorandos.

Recomendábase "ofrecer garantías máis específicas sobre las fuentes de financiación de los estudiantes para realizar las actividades formativas que implican estancias, desplazamientos y publicaciones en otros idiomas, especialmente en el caso de quen se cumpla la previsión de que al menos el 50% de los estudiantes matriculados consigan becas o contratos".

As bolsas ou contratos para realizar a tese son moi limitadas en relación co número de solicitantes ou de estudantes admitidos a matrícula no Programa.

A oferta dispoñible contempla as bolsas/contratos FPI/FPU, os contratos predoutorais da Xunta de Galicia, as propias das universidades e os contratos predoutorais que poidan ofrecer os grupos de investigación involucrados no Programa.

Tamén temos que considerar aos estudantes estranxeiros que veñen con financiación dos seus respectivos países.

Se ben temos éxito nas convocatorias FPI/FPU e da Xunta de Galicia, estas representan unha porcentaxe relativamente pequena do total de matriculados.

Por outra banda, ao non figurar oficialmente nas respectivas universidades como contratados predoutorais, os indicadores elaborados polas respectivas escolas de doutoramento non teñen en conta outros estudantes financiados parcialmente polos proxectos de investigación dos grupos involucrados no Programa. Tampouco están contabilizados os estudantes estranxeiros que teñen financiación dos seus países de orixe ou os procedentes de proxectos europeos como o programa *GreenTech WB*, no que completaron con éxito a tese na Universidade de Vigo dous estudantes: un procedente de Serbia (Marko Crnogorac) e outro de Montenegro (Bozidar Vlacic).

Tamén podemos considerar como estudantes parcialmente financiados os que teñen un contrato a tempo parcial nas nosas universidades ou en universidades e Institutos Politécnicos de Portugal.

Por último, as universidades participantes ofertan axudas á mobilidade de estudantes de doutoramento para estancias ou asistencia a congresos.

Recomendacións do informe de avaliación externa do seguimento, se procede (síntese do estado de situación):

A CAPD recolleu neste informe todas as recomendacións feitas polos revisores do proceso de seguimento interno realizado pola Universidade de Vigo.

A análise do criterio baséase en:**Evidencias:**

EPD1: Memoria vixente

EPD2: Informes de verificación e, se procede, de modificación, seguimento e renovación da acreditación, incluíndo os plans de mellora

EPD3: Informe/Acta onde se recolla a análise do perfil real de ingreso/egreso

EPD4: Evidencias da realización das actividades formativas e sistemas de control realizados, de acordo coa planificación establecida

EPD5: Informe de avaliación anual da Comisión Académica (seguimento)/Documento de actividades de cada estudante, onde se indiquen as actividades realizadas por cada doutorando (acreditación)

EPD6: Informe de complementos de formación específicos

EPD7: No caso de programas interuniversitarios, evidencias de coordinación entre universidades participantes

EPD8: Convenios de colaboración en vigor

EPD9: Informes sobre actividades realizadas con institucións coas que o programa de doutoramento tivo colaboracións (con ou sen convenio)

EPD10: No seu caso, evidencias de participación do programa en redes internacionais

Indicadores:

IPD1: Número de prazas ofertadas

IPD2: Demanda

IPD3: Número de estudantes matriculados/as de novo ingreso (indicar o número de estudantes que proceden de programas de doutoramento en extinción)

IPD4: Número total de estudantes matriculados (no caso dos programas interuniversitarios, desagregado por universidade participante)

IPD5: Porcentaxe de estudantes de novo ingreso procedentes de estudos de máster doutras universidades

IPD6: Porcentaxe de estudantes estranxeiros (de fóra de España) sobre o total de matriculados

IPD7: Porcentaxe de estudantes de novo ingreso que requiren complementos formativos

IPD8: Porcentaxe de estudantes matriculados segundo a dedicación (tempo completo, tempo parcial e mixto)

IPD9: Porcentaxe de estudantes que realizan estancias de investigación autorizadas como tales pola Comisión Académica (diferenciar estudantes entrantes e saíntes)

IPD10: Porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade (diferenciar estudantes entrantes e saíntes)

IPD11: Porcentaxe de estudantes con bolsa ou contrato predoutoral (FPI, FPU, Xunta...)

IPD12: Porcentaxe de estudantes segundo perfil de ingreso

IPD13: Porcentaxe de estudantes segundo liña de investigación

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características e os resultados do programa de doutoramento e dos procesos de xestión que garanten a súa calidade.

2.1.- A institución publica información obxectiva, completa e actualizada sobre o programa de doutoramento, as súas características, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o programa é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do programa e as súas posteriores modificacións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Nos portais das tres Universidades actualízase diariamente a páxina do programa a partir dos datos do servidor académico, mostrando a información mais importante, como é a persoa responsable na respectiva universidade, a descrición do programa, a memoria, as teses xa defendidas, as liñas de investigación, calendario e requisitos da matrícula, etc.

Na UDC está recollida na web :<https://estudios.udc.es/es/study/start/5033v01>

Na USC na web:

<https://www.usc.gal/es/estudios/doctorados/ciencias-sociales-juridicas/programa-doctorado-analisis-economico-estrategia>

Na U Vigo na web:

<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/que-estudiar/doctorado/programa-doutoramento-analise-economica-estrategia-empresarial-v03d036v06>

A páxina web <https://estudios.udc.es/es/study/detail/5033v01> da UDC ofrece unha amplísima información que inclúe os detalles do Programa en apartados como "Que se aprende", "Competencias Básicas y Generales", "Salidas Profesionales y Académicas", "Empresas e instituciones colaboradoras", "Actividades formativas del programa", "Profesorado" y "Acciones para la movilidad de estudiantado".

Independentemente das páxinas institucionais, este Programa de doutoramento conta cunha páxina WEB propia, <https://www.doctoradoeconomiaempresa.gal/>, que se presenta cos logos oficiais das tres universidades participantes e que, por seren xestionadas dende o Programa, ten a información mais completa e actualizada.

Así mesmo na páxina web de ECOBAS temos unha entrada ao Programa que, ademais, pode lerse en Inglés (<https://ecobas.gal/en/phd-programs/>)

Nos Portais de Transparencia das universidades participantes tamén se ofrece información do programa.

Na correspondente á UDC <https://www.udc.es/es/transparencia/?language=es> pódese atopar clicando en

"oferta y demanda académica". Na da USC <https://www.usc.gal/es/usc/institucional/transparencia> o

Programa aparece no primeiro lugar dos correspondentes a Ciencias Sociais. Na U Vigo a información sobre os doutoramentos está na <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/22> onde publícase información sobre os resultados obtidos polos programas en conxunto.

2.2.- A institución garante un fácil acceso á información relevante de programa de doutoramento a todos os grupos de interese.

Aspectos a valorar:

- Garántese un fácil acceso á información relevante do programa a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Todos os grupos de interese teñen acceso á información relevante, a través da información que proporcionan as universidades, fundamentalmente polas páxinas WEB das escolas de doutoramento das tres universidades participantes:

<https://udc.es/es/eid/>

<https://www.usc.gal/gl/centro/escuela-doutoramento-internacional-usc>

<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/organizacion-academica/eido-escuela-internacional-doctorado>

Nestas webs se pode atopar acceso á matrícula, á información académica, ás bolsas, á calidade, ás teses depositadas e ás aprobadas para a súa defensa, aos premios extraordinarios de doutoramento e aos formularios para presentar as teses, para homologacións, altas e baixas de profesores do programa, etc.

Pero tamén a través da WEB propia do programa e a través do correo electrónico e o teléfono, os responsables do programa nas tres universidades e o persoal administrativo de apoio dan información pormenorizada tanto ao alumnado actual como aos posibles candidatos ao acceso ao programa.

Resultados de satisfacción en relación coa(s) web(s) e a información pública:

A páxina web do Programa, <https://www.doctoradoeconomiaempresa.gal/>, vaise mellorando e estase a actualizar constantemente. Nesa páxina, que está sendo traducida ao inglés, infórmase das distintas fases de preinscrición e matrícula, das actividades formativas, cursos complementarios, seminarios de investigación, visitas de investigadores, seminarios de tese, defensas de tese, etc. Nas vindeiras semanas incluírase tamén un menú no que se poderán consultar as principais bolsas que existen para a realización do doutoramento.

Pensamos que os estudantes están a apreciar a información alí recollida e as enquisas realizadas confirman esta apreciación (a media das últimas enquisas nas 3 universidades -EPD18- é dun 3,77 sobre 5).

2.3.- A institución fai público o SGC no que se enmarca o programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- Garántese un fácil acceso á información relevante do SGC no que se enmarca o programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información relevante sobre o sistema de garantía de calidade (SGC) do programa está organizada de xeito centralizado nas páxinas web das escolas de doutoramento das tres universidades, EIDUDC, EIDUS e EIDO, por exemplo na ligazón da EIDO <https://www.uvigo.gal/estudiar/organizacion-academica/eido-escuela-internacional-doutoramento/calidade>.

Esta organización é o resultado dun proceso de redeseño da web institucional da Universidade de Vigo en 2019, que inclúe tamén un novo redeseño para a web da Eido.

Os contidos relacionados coa calidade na Eido, na dita web, están en fase de execución, de xeito que se combina información centralizada con información específica na web do programa. A estrutura centralizada contén información acerca de:

- A documentación do SGC: o manual de calidade, que inclúe a política e os obxectivos de calidade, e os procedementos aprobados.
- A información relacionada cos programas de calidade que compoñen o ciclo de mellora do programa (VSMA: verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación).
- A documentación relacionada cos órganos responsables do SGC (principalmente, as actas da comisión de calidade da EIDO e os seus acordos).
- Información sobre outros programas de calidade relacionados coa Eido

- Outra información relacionada cos resultados do programa.

A Universidade de Vigo ten centralizada unha boa parte da información institucional no Portal de Transparencia, ao que se pode acceder directamente e en aberto desde a súa web principal, na ligazón <https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/>. Este portal garante un fácil acceso á información específica dos resultados dos indicadores dos programas de calidade da titulación, dispoñible no Portal de Transparencia / UVigo en cifras, na ligazón <https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/grupo/5>

En relación con isto, a acción do Criterio 2.3 – Desenvolver a estrutura de calidade da web da Eido, do plan de mellora adxunto, considérase pechada.

Información adicional das outras universidades participantes:

-USC:

<https://www.usc.gal/gl/centros/ciedus/EDIUS/calidade.html> ,

<https://www.usc.gal/gl/servizos/calidade/titulosoficiais/datosdoutoramentos.html>

<https://www.usc.gal/gl/centro/escola-doutoramento-internacional-usc/calidade>

- UdC:

A información máis relevante de cada PD, así como a maioría dos seus resultados (datos/indicadores), están dispoñibles en aberto no portal de estudos da UDC <https://estudios.udc.es/gl/StudyAtUdc/pdh>

Neste momento, está publicados os datos/indicadores dos PDs ata o curso 2020/21.

Os datos/indicadores que non están dispoñibles no dito portal atópanse nunha aplicación informática a que ten acceso a UTC o ED, persoal da EIDUDC e coordinadores/as do PD.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD11: Web da institución/programa

EPD12: Documentación derivada dos procesos do SGC sobre información pública, recollida de información e rendemento de contas (informes varios, plan operativo de información pública...)

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA**CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: A institución dispón dun SGC formalmente establecido e implantado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua do programa de doutoramento.**

3.1.- O SGC implantado facilita os procesos de deseño e aprobación do programa de doutoramento, o seu seguimento, as modificacións e a renovación da acreditación.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo dende o SGC permiten introducir modificacións para a mellora do programa.
- O seguimento das melloras do programa confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos propostos.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:Deseño e desenvolvemento do SGC:

O sistema de garantía de calidade do programa enmárcase dentro do SGC da Escola Internacional de Doutoramento (Eido). O deseño deste sistema é centralizado e institucional, e abrangue todos os programas de doutoramento oficiais da Universidade de Vigo.

O deseño do SGC comezou a finais do ano 2016, con reunións entre as outras dúas universidades do SUG (USC e UDC) co obxecto de trazar liñas xerais comúns sobre a identificación e a organización dos procesos de funcionamento do ciclo de doutoramento, considerando as directrices do programa Fides-Audit e seguindo as recomendacións da ACSUG. Na Universidade de Vigo constituíuse un grupo de traballo arredor da Eido (dirección da Eido, secretario académico da Eido, Área de Calidade, xefe do Servizo de Estudos de Posgrao) que mantén reunións periódicas desde comezos de 2017 para desenvolver a estrutura e a documentación do SGC.

Froito deste traballo, constituíuse a Comisión de Calidade da Eido o 27.04.2017 (véxase abaixo para máis detalles) e desenvólvese a documentación dos procesos ao longo de 2017 e 2018 (véxase ficha de mellora correspondente ao criterio 3).

Unha primeira versión do Manual de Calidade da Eido (índice 00), que incluía a Política e os Obxectivos de Calidade, foi aprobada no Comité de Dirección da Eido o 18.07.2017. Este Manual incorpora, de xeito destacable:

- A presentación e estrutura académica e administrativa da Eido, de acordo co seu Regulamento de réxime interno (RRI),
- A estrutura organizativa e de responsabilidades institucionais e específicas da Eido sobre calidade (estas últimas están coordinadas no comité de dirección, dirección, comisión de calidade, coordinación de calidade e comisións académicas dos programas de doutoramento –CAPD-),
- O alcance, obxectivos xerais, directrices e marco legislativo e normativo do SGC,
- O mapa de procesos do SGC
- A política e os obxectivos de calidade

A fase de deseño do SGC rematou a finais de 2018. A Comisión de Calidade da Eido validou este deseño o día 14.12.2018 e o Comité de Dirección, máximo órgano de responsabilidade da Eido, aprobouno na súa sesión do 17.12.2018. Elaborouse unha segunda versión do Manual (índice 01), que mantén a estrutura mencionada e incorpora axustes relacionados cos procesos do SGC e coa actualización das competencias

dos órganos de goberno (por mor da incorporación dun novo equipo de goberno da universidade no ano 2018)

A documentación completa do SGC (Manual de Calidade, procedementos e anexos) enviouse a ACSUG o día 20.12.2018 para ser avaliada.

O 30.07.2019 ACSUG remitiu o Informe de certificación do deseño cun resultado FAVORABLE. Destácase que este resultado converte a Eido na primeira escola de doutoramento do SUG en acadar este recoñecemento. Ademais, o informe resalta que non se detectan aspectos que deban ser obxecto dun plan de mellora, só recomendacións de mellora. En todo caso, a Eido desenvolveu un plan de accións para axustar estas cuestións.

Finalmente, o Consello de Goberno da Universidade de Vigo ratificou este modelo coa súa aprobación na súa sesión do 27.02.2020.

En relación con isto, a acción do Criterio 3 – Desenvolver os procedementos do SGC da Eido, do plan de mellora adxunto, considérase pechada.

Implantación do SGC:

O desenvolvemento deste procedementos está orientado a facilitar e garantir os procesos de deseño, implantación, mellora e renovación da acreditación dos programas de doutoramento asociados á Eido (o ciclo VSMA) de xeito que o obxectivo é garantir a dispoñibilidade do SGC no momento da renovación da acreditación dos programas.

Aínda que o deseño do SGC se desenvolveu ata finais do 2018, moitas das actividades descritas nos procedementos do SGC xa están en funcionamento desde fai varios anos, conforme o RD 99/2011. O seguimento piloto do 2017 e o seguimento do 2018 demostran que se levan a cabo estas actividades, que están dispoñibles os rexistros e documentos asociados a elas e que se calculan e tratan os indicadores de resultados conforme a Guía de seguimento e acreditación da ACSUG.

Os resultados dos informes da ACSUG de avaliación da verificación dos programas e do seu seguimento permiten ir axustando e corrixindo o seu funcionamento, a través de plans de mellora, cara a súa renovación da acreditación e a satisfacción dos grupos de interese.

A implantación sistemática e efectiva deste SGC estaba programada para o curso 2019/20 e seguintes.

Porén, a pandemia provocada pola COVID-19 alterou as condicións de vida no conxunto da sociedade; 2020 volveuse un ano especialmente complexo e rodeado de incertezas que afectan, en particular, tamén á normalidade da vida universitaria e ao desenvolvemento de todas as súas actividades. A saúde e a seguridade priman agora neste novo escenario. Esta situación excepcional provocou unha reacción inmediata da Eido, adaptando as súas actividades (depósito e defensa das teses en liña como modalidade preferente, atención presencial con cita previa, activación de salas virtuais para cursos e actividades formativas, extensión dos prazos para finalizar as teses, mobilidade en remoto...).

Para retomar e reconducir esta situación, a Comisión de Calidade da Eido primeiro, e despois o Comité de Dirección, aprobaron en decembro de 2021 o Proxecto de implantación do SGC.

A implantación está programada para desenvolverse desde fin de 2021 ata fin de 2022 (data obxectivo).

Este proxecto xira sobre 3 eixes:

- Implantación participativa e colaborativa dos procesos a través de grupos de traballo
- Integración progresiva de estándares de sustentabilidade e responsabilidade social (ODS)
- Preparación para certificación: obxectivo fin 2022 → Acreditación institucional

As metas definidas na política e obxectivos de calidade marcarán as liñas estratéxicas que dirixirán esta implantación, en coherencia co establecido nos procedementos.

En todo caso, a implantación programada incluírá retomar, en liñas xerais, actividades ligadas a:

- Formación e sensibilización sobre calidade en doutoramento destinadas aos principais grupos de interese involucrados neste ciclo (directores e titores de teses, profesorado en xeral, persoal de administración e servizos de soporte), ademais do estudantado, e
- Reunións de información, análise e mellora sobre os procesos de funcionamento, destinadas principalmente ás CAPD e ás áreas administrativas, coa participación doutros órganos ou entidades implicadas.

Estrutura documental do SGC:

A estrutura do SGC de doutoramento dá resposta a dous niveis de esixencia: os procesos institucionais e os procesos específicos dos programas de doutoramento.

- *Procesos institucionais*: son aqueles cuxas responsabilidades, organización e actividades teñen, sobre todo, un carácter marcadamente institucional, isto é, a súa xestión depende sobre todo dos órganos de goberno institucionais ou centralizados (Consello de Goberno, vicerreitorías, servizos e unidades centralizados...).

O seu deseño lévase a cabo, (segundo as datas indicadas na ficha de mellora), a partir da experiencia e dos procesos certificados no modelo Fides-Audit para as facultades e escolas (titulacións de grao e mestrado) e coas adaptacións oportunas adaptadas ao ciclo de doutoramento.

- *Procesos específicos dos PD*: son aqueles cuxas responsabilidades, organización e actividades están máis asociados ao ciclo de doutoramento e á súa relación coa innovación e a investigación.

O mapa definitivo de procesos do SGC da Eido (véxase o Manual de calidade) identifica un total de 18 procesos:

Procesos institucionais (15 procesos):

Son os seguintes (coas denominacións definitivas):

- DE-01 Estratexia e DE-02 Revisión do SGC (procesos de Dirección estratéxica)
- MC-01 Xestión de queixas, suxestións e parabéns (procesos de Xestión da calidade e mellora continua)
- XP-01 Deseño e aprobación dos programas; XP-02 Seguimento, mellora e acreditación dos programas e XP-03 Suspensión e extinción dos programas (procesos de Xestión dos programas)
- FI-02 Xestión da mobilidade (procesos de formación dos investigadores/as)
- AC-01 Admisión e AC-02 Atención ao estudantado e orientación profesional (procesos de Xestión Académica)
- XD-01 Control dos documentos e XD-02 Control dos rexistros (procesos de Xestión documental)
- IP-01 Información pública e rendemento de contas (proceso de Información pública)
- PE-01 Xestión do persoal de apoio e PE-02 Xestión do persoal académico (procesos de Xestión do persoal)
- IA-01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos (proceso de Xestión da infraestrutura).

Procesos específicos (3 procesos):

- MC-02 Medición da satisfacción (procesos de Xestión da calidade e mellora continua)
- FI-01 Aprendizaxe e avaliación dos doutorandos/as e FI-03 Autorización e defensa da tese (procesos de Formación dos investigadores/as)

A documentación completa do SGC (Manual de Calidade coa Política e Obxectivos de Calidade, os procedementos e os anexos) pode atoparse na ligazón:

<https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade>

Comisión de Calidade da Eido:

A Comisión de Calidade da Eido constituíuse o día 27.04.2017 coa estrutura prevista no Manual de Calidade. Tamén se nomeou o coordinador de calidade da Eido.

O 30 de outubro de 2019 creouse o cargo de subdirector da Eido, que asume tamén a coordinación de calidade.

A Comisión de Calidade é un órgano clave nos procesos de calidade da Eido, e leva a cabo a funcións previstas no Manual de Calidade.

As actas da Comisión de Calidade poden atoparse na ligazón:

<https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade>

Información adicional sobre as outras universidades participantes:

- USC: <https://www.usc.gal/gl/centros/ciedus/EDIUS/calidade.html>

<https://www.usc.gal/gl/centro/escola-doutoramento-internacional-usc/calidade/documentacion-sgc>

- UdC: A documentación do SGC da EIDUDC (manual e procesos) así como a política e os obxectivos estratéxicos de calidade da EIDUDC están publicados na súa páxina web, apartado calidade, <https://www.udc.es/es/eid/calidade/>

O Manual del SGC é o documento principal que desenvolve a Política e os obxectivos estratéxicos de calidade da EIDUDC e que define o seu alcance e a estrutura organizativa e de responsabilidades en materia de calidade.

O Manual de Procesos do SGC recolle os procesos que dan resposta aos estándares de calidade, ás directrices do Programa FIDES-AUDIT e aos criterios de seguimento e acreditación dos PODs.

A EIDUDC e, en particular, o seu equipo directivo como responsable de calidade da EIDUDC, ao igual que a Comisión Permanente da EIDUDC (que asume as funcións de Comisión de Calidade da EIDUDC) e os/as coordinadores/as dos PODs, son os encargados da difusión entre todos os grupos de interese dos documentos que conforman o SGC e de facer pública toda a información relevante dos PDs impartidos na UDC, así como de revisala e actualizala periodicamente.

3.2.- O SGC implantado garante a recollida de información e dos resultados relevantes para a toma de decisións e a xestión eficiente do programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilízaos para a toma de decisións e a mellora da calidade do programa, desenvólvense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O deseño e o desenvolvemento do SGC do programa de doutoramento estase orientando para contar con mecanismos e procedementos que permitan:

- Establecer os resultados previstos para os programas (procedementos de *Deseño e aprobación dos programas* e de *Seguimento, mellora e acreditación dos programas*) a partir de datos históricos e/ou de estimacións futuras.

Este aspecto xa se está levando a cabo cada vez que se elabora unha nova memoria de verificación dun

programa ou unha memoria verificada.

- Medir os resultados alcanzados polo programa, tanto en cada curso académico como na súa evolución, no que atinxe ao rendemento académico, satisfacción, cualificación do persoal, mobilidade, inserción laboral... (procedementos do proceso de *Formación dos/as investigadores/as*, *Medición da satisfacción*, *Xestión do persoal*, *Xestión de Queixas*, *Suxestións e Parabéns...*); analizar esta información e tomar accións de mellora (procedementos de *Seguimento*, *modificación e acreditación dos programas* e de *Revisión do sistema pola dirección*).

A Comisión de Calidade da Eido analiza e aproba as actividades de satisfacción de xeito cíclico.

Estes indicadores xa inclúen datos sobre os resultados de satisfacción dos grupos de interese:

- Estudantes, tanto de 1º como de 3º ano, obtidos a partir das enquisas dos cursos 2015/16, 2016/17, 2017/18, 2018/19, 2019/20 e 2020/21
- Profesorado, de xeito bienal, a partir da enquisa de 2018 (cursos 2012/13 a 2017/2018) e 2020 (cursos 2018/19 e 2019/20)
- PAS: realizada por primeira vez en novembro 2021
- Egresados: prevista para o 1ºT 2022

A ficha de mellora correspondente ao criterio 3 (e tamén co criterio 6), relacionada coa recollida de opinión dos grupos de interese da Eido detalla o desenvolvemento deste aspecto.

Como se comentou, no seguimento dos programas de 2017, e logo tamén no do 2018, así como na renovación da acreditación das convocatorias 2018/19 a 2020/21, xa se elaboraron os correspondentes informes coa información e os resultados (evidencias e indicadores) que permiten tomar as decisións e mellorar a xestión do programa de doutoramento. Esta análise e toma de accións de mellora realízase ao nivel institucional (dirección da Eido, Comisión de Calidade da Eido...) e ao nivel do programa (CAPD).

- Publicar e difundir estes resultados para que estean dispoñibles e sexan accesibles, tanto para responsables do SGC do programa como para a sociedade en xeral.

A información pública dos resultados dos programas de doutoramento xa se pode atopar no Portal de transparencia da Universidade de Vigo desde o curso piloto 2017, con acceso a partir do vínculo

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/>

Información adicional das outras universidades participantes:

- USC:

<https://www.usc.gal/gl/centros/ciedus/EDIUS/calidade.html>

<https://www.usc.gal/gl/servizos/calidade/titulosoficiais/datosdoutoramentos.html>

<https://www.usc.gal/gl/centro/escola-doutoramento-internacional-usc/calidade>

- UdC:

A información máis relevante de cada POD, así como a maioría dos seus resultados (datos/indicadores), están dispoñibles en aberto no portal de estudos da UDC <https://estudios.udc.es/gl/StudyAtUdc/pdh>

Neste momento, está publicados os datos/indicadores dos PDs ata o curso 2020/21.

Os datos/indicadores que non están dispoñibles no dito portal atópanse nunha aplicación informática a que ten acceso a UTC o ED, persoal da EIDUDC e coordinadores/as do POD.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense plans de mellora para optimizalo.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- A implicación de todos os grupos de interese no proceso de elaboración, implantación e

seguimento das melloras do SGC.

- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Revisión do SGC

O deseño e o desenvolvemento do SGC do programa de doutoramento contan con mecanismos e procedementos que permitan analizar e revisar o SGC periodicamente (procedemento de *Revisión do SGC*). Esa revisión, dirixida pola dirección da Eido, contará cos grupos de interese determinados no Manual de Calidade (ex.: Comisión de Calidade) e no propio procedemento, e dará lugar aos plans de mellora que se consideren.

A primeira revisión pola dirección realizarase, en coherencia co desenvolvemento dos procedementos (véxase acción de mellora) despois de rematar o deseño destes e tras comezar a súa implantación.

Participación dos grupos de interese:

Como se comentou anteriormente, o proceso de deseño do SGC desenvolveuse de xeito participativo no que están implicados:

- As persoas do grupo de traballo, que, ademais do persoal da Eido, forman parte de diferentes servizos relacionados coa escola,
- Os membros da comisión de calidade da Eido, que representan os diversos colectivos relacionados co doutoramento,
- Os membros do comité de dirección, que é o órgano colexiado de representación e de decisión da Eido,
- Os responsables de calidade dos programas de doutoramento.

Este proceso está regulado, ademais do establecido no Manual de Calidade, no procedemento de *Control dos documentos*.

A medida que os procedementos se vaian deseñando e implantando, irán xerando os rexistros de calidade ou evidencias (véxase procedemento de *Control dos rexistros*) que manifestarán os resultados do funcionamento dos procesos e da aplicación da política e dos obxectivos de calidade aprobados.

Información adicional sobre as outras universidades participantes:

- USC: <https://www.usc.gal/gl/centros/ciedus/EDIUS/calidade.html>
- UDC: Tal como figura no PM, estase a rematar coa posta en marcha da aplicación informática a través da que se xestionará o SGI e onde constarán as evidencias.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD13: Informes de avaliación do deseño do SGC

EPD14: Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)

EPD15: Actas das reunións celebradas, nos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado cos acordos adoptados en cada reunión)

EPD16: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos de información pública)

EPD17: Plans de seguimento e accións de mellora derivados da implantación do SGC

EPD18: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% participación, resultados e evolución...)

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: O persoal docente e investigador (PDI) e de apoio é suficiente e idóneo, de acordo coas características do programa, o ámbito científico e o número de estudantes.

4.1.- O PDI reúne os requisitos esixidos para a súa participación no programa e acredita a súa experiencia investigadora.

Aspectos a valorar:

- O PDI que participa no programa conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a impartición do mesmo e é acorde coas previsións incluídas na memoria verificada. Débese actualizar a información proporcionada no momento da verificación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Todos os profesores do Programa incluídos na memoria de verificación contaban coa suficiente experiencia docente e cunha traxectoria investigadora refrendada por, polo menos, un sexenio de investigación ou, no caso de investigadores que non tiveran a oportunidade de solicitar o sexenio, con investigación equivalente ao sexenio. Durante os anos nos que se ven desenvolvendo o Programa, incorporáronse ao mesmo profesores que cumprían o requisito de ter polo menos un sexenio de investigación ou méritos equivalentes (nos últimos anos incorporáronse profesores/as que tiñan os méritos requiridos para ter un sexenio pero ou ben non podía solicitalo ou ben estaba á espera de cursar a solicitude). É importante subliñar que os servizos administrativos requiren que se documente este requisito (común nas tres universidades participantes), que é revisado pola escola de doutoramento correspondente, para que un docente poida ser incorporada ao Programa.

O Programa conta co apoio da Agrupación Estratéxica ECOBAS formada por grupos das tres universidades do SUG. Ademais dos incluídos en ECOBAS, ten o apoio doutros grupos de investigación; do total de grupos, dez están recoñecidos como grupos de referencia competitiva (GRC) ou como grupos con potencial de crecemento (GPC) do SUG. Por outra parte, a inmensa maioría dos grupos contan con investigadores que son IP de proxectos de investigación obtidos en concorrencia competitiva do Ministerio de Ciencia e Innovación, proxectos europeos, etc. A relación de grupos e proxectos pódese consultar nas táboas correspondentes (Táboa 2 e Táboa 3).

4.2.- O PDI é suficiente e ten a dedicación necesaria para desenvolver as súas funcións de forma idónea, considerando o número de estudantes en cada liña de investigación e a natureza e características do programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- O PDI é suficiente para desenvolver as funcións e atender todos os estudantes.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Dado o elevado número de profesores involucrados no Programa, como se reflicte nos datos das táboas correspondentes, o PDI é mais que suficiente para atender aos estudantes matriculados.

Mecanismos de reparto entre docentes e liñas de investigación para realizar as direccións de teses:

Se ben os docentes están relacionados coas liñas de investigación que se recollen no Programa, en moitos casos as liñas son moi permeables. Tamén en moitos casos, o proxecto de investigación inicialmente formulado vese sensiblemente modificado no transcurso do traballo de investigación podendo incorporar novas liñas.

O número de profesores e profesoras dispoñibles permite que a asignación de director/directora de tese sexa o resultado dun acordo voluntario entre docentes e discentes. Non se teñen dado casos de "conflito" entre docentes para dirixir a un determinado estudante nin entre estudantes para elixir a un determinado director ou directora de tese.

O mecanismo de asignación é o seguinte: o estudante mostra as súas preferencias sobre un tema de traballo e a titora ou titor proporciona unha lista de posibles directores e facilita o contacto entre eles e o estudante. Finalmente se constata un acordo entre as partes que pasa a ser aprobado pola CAPD e recollido na correspondente acta.

Resultados de satisfacción en relación coa dirección e titorización das teses:

Dado que a asignación de titor/director faise por acordo entre docente e discente, a satisfacción é consecuencia do propio proceso. Nalgunha ocasión, durante o período inicial, o estudante ten pedido o cambio de director propoñendo ao mesmo unha alternativa que pasou a ser valorada (positivamente) pola CAPD, dado o acordo entre as partes.

Noutras ocasións, A CAPD nomeou con carácter provisional a titora ou titor como directora mentres o estudante decídese por unha liña concreta de traballo, momento no que a CAPD procedeu ao cambio de director/a, sempre co acordo e beneplácito das partes.

As enquisas realizadas ao estudiantado mostran altas valoracións do desempeño tanto dos titores/as como dos directores/as de tese (a media das últimas enquisas nas 3 universidades -EPD18- é dun 4,23 sobre 5).

4.3.- O programa de doutoramento conta con mecanismos de recoñecemento da labor de titorización e dirección de teses.

Aspectos a valorar:

- Os mecanismos de recoñecemento do labor de titorización e dirección de teses que a institución ten posto en marcha a través da correspondente normativa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A normativa que regula a dedicación do PDI na Universidade de Vigo recoñece 10 horas no Plan de Organización Docente (P.O.D.) por cada tese dirixida durante os tres anos anteriores (<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/446>).

Ademais, tamén na Universidade de Vigo, se recoñecen actividades vinculadas á xestión de programas de doutoramento. Estes reciben unha bolsa de puntos que deben compensar, por unha banda, o labor de coordinación e, por outra, poden distribuírse entre o PDI implicado en diversas tarefas, segundo os criterios aprobados na Comisión Académica do Programa de Doutoramento. O valor do punto varía cada curso académico.

A Universidade de Santiago de Compostela, según a súa Normativa de Planificación Anual, recoñece ao director/a ou titor/a da tese 25 horas por cada tese defendida. Cando trátase de teses con Mención Internacional recoñécense 35 Horas docentes equivalentes ao director/a da tese defendida (titor/a en caso de que o director non pertenza á USC). No caso de ter director/a e titor/a, o reparto faise entre ambos.

Na Universidade da Coruña tamén hai unha bolsa de horas de exención docente para os PD, aprobada

pola EIDUDC, que permite apoiar os traballos dos membros da UDC que traballan na comisión académica. Seguindo o acordo do Comité de Dirección da EIDUDC do 15 de maio de 2020, o reparto de horas de exención docente por coordinación de Programas Oficiais de Doutoramento (PD):

- farase de modo proporcional á carga de traballo.
- cada CAPD distribuirá, como considere oportuno, as horas asignadas ao seu PD entre os seus membros, tendo en conta que esta compensación é incompatible coa de cargo de xestión.

A UDC recoñece o labor de dirección de tese como parte da dedicación docente e investigadora do profesorado (Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC). Este recoñecemento concrétese cada curso académico na Normativa pola que se regula a dedicación do persoal docente e investigador, cunha redución máxima de 30 horas docentes por curso académico de acordo co seguinte criterio: cada tese doutoral dirixida e defendida na UDC durante os dous últimos anos computa como 15 horas de docencia ao/á directora/a; no caso de codirección, estas horas distribúense de forma equitativa entre os/as directores/as, tendo esta mesma consideración o labor de dirección de tese en réxime de cotutela.

4.4.- O grao de internacionalización do programa: a participación de expertos internacionais nas comisións de seguimento e tribunais de teses é axeitada segundo o ámbito científico do programa.

Aspectos a valorar:

- O grao de internacionalización do programa analizarase a partir de datos como o grao de participación de expertos internacionais nas comisións de seguimento e nos tribunais de teses. Valorarase o número de colaboracións e a estabilidade no tempo das ditas colaboracións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A maioría dos grupos de investigación involucrados no Programa teñen relacións académicas con investigadores doutros países. Dado que as diferentes Escolas de Doutoramento das tres universidades que participan no Programa proporcionan financiación para o desprazamento de profesores estranxeiros para participar nos tribunais de teses, é relativamente frecuente contar con expertos internacionais nos mesmos.

Detectamos unha diminución en termos relativos de expertos internacionais nos tribunais de tese debido á incertidume provocada polo COVID. Houbo varios casos de expertos comprometidos que preferiron renunciar ao compromiso pola incertidume, mesmo no caso de que, ao final, a tese fora defendida no formato "online", xa que cando renunciaron non se contaba con esa posibilidade. Recentemente (febreiro 2022) a Universidade de Vigo regulou de xeito permanente a posibilidade de defensa on-line, que anteriormente estaba supeditada ás circunstancias da pandemia.

4.5.- O persoal de apoio que participa no desenvolvemento do programa é suficiente e adecuado en función das características deste e do número de estudantes matriculados.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender o persoal docente e os estudantes do programa.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Programa conta co apoio das diferentes Escolas de Doutoramento e dos servizos administrativos de posgrao e das áreas académicas das tres universidades. En todo caso, a CAPD leva a cabo un traballo administrativo significativo.

Resultados de satisfacción en relación co persoal de apoio (administración e servizos):

A CAPD ten información moi positiva do traballo realizado polos servizos administrativos de posgrao e

polas áreas académicas das tres universidades.

As enquisa de valoración corroboran a satisfacción do estudiantado co persoal de administración e servizos con cualificacións moi altas (a media das últimas enquisas nas 3 universidades -EPD18- é dun 4,07 sobre 5).

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD19: Táboa 1: PDI do programa de doutorado.

EPD20: Táboa 2: Grupos de investigación

EPD21: Táboa 3: Proxectos de investigación competitivos activos de cada grupo

Indicadores:

IPD14: Número de teses defendidas en réxime de codirección

IPD15: Porcentaxe de PDI con sexenios vivos ou outros indicadores da calidade da investigación equivalentes

IPD16: Porcentaxe de profesorado estranxeiro que dirixe tese sobre o profesorado total do programa

IPD17: Número de expertos internacionais que participan en comisións de seguimento e/ou nos tribunais de teses

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Os recursos materiais e os servizos postos a disposición para o desenvolvemento das actividades previstas son os axeitados, en función das características do programa de doutoramento, o ámbito científico e o número de doutorandos.

5.1.- Os recursos materiais dispoñibles son suficientes e axeitados en relación co número de doutorandos de cada liña de investigación e coa natureza e características do programa.

Aspectos a valorar:

- Os recursos materiais e outros medios dispoñibles (laboratorios, talleres, bibliotecas, acceso a fontes documentais, recursos informáticos, etc.) son adecuados en función do número de estudantes do programa.
- Cumprimento da previsión establecida na memoria verificada sobre a obtención de recursos externos e bolsas de viaxe que faciliten a asistencia a congresos e estadias no estranxeiro ou outras universidades.
- No seu caso, a universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O estudantado ten pleno acceso ás bibliotecas, aos fontes documentais e aos recursos informáticos das respectivas universidades. No caso de necesitar paquetes informáticos específicos, estes son proporcionados polo grupo de investigación do director e, subsidiariamente, polo propio Programa ou por ECOBAS.

Do mesmo xeito, para a asistencia a congresos e para a realización de estadias de investigación, ademais das axudas complementarias de mobilidade ás bolsas ou contratos predoutorais, existen convocatorias de mobilidade competitivas nas distintas universidades. Inditex, por exemplo, financia estancias de investigación para o estudantado do Programa (<https://www.udc.es/es/eid/axudaspredoutorais/>). En todo caso, os grupos de investigación, o propio Programa e ECOBAS teñen actuado de forma complementaria nestas actividades de mobilidade. A CAPD non ten recollida ningunha solicitude de mobilidade que non puidera realizarse finalmente por causa da falla de financiación

Os alumnos que teñen contrato/bolsa predoutoral a tempo completo dispoñen dun lugar de traballo propio e apropiado na Facultade correspondente. En todo caso, nas tres universidades hai salas comúns de traballo para todo o estudantado do Programa.

Resultados de satisfacción en relación coas infraestruturas e recursos materiais:

Os recursos materiais e os servizos postos a disposición do Programa son en xeral suficientes.

As enquisas ao estudantado confirman esta apreciación (a media das últimas enquisas nas 3 universidades -EPD18- é dun 3,89 sobre 5).

5.2.- Os servizos de orientación académica responden ás necesidades do proceso de formación dos estudantes como investigadores.

Aspectos a valorar:

- Os servizos de orientación académica e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas,

certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos a súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.

- Os programas de acollida e apoio ao estudante orientano no funcionamento da institución.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Servizos de atención e orientación de carácter institucional:

Cada unha das universidades participantes no Programa ten servizos de orientación académica e profesional postos a disposición dos estudantes, así como programas de acollida e apoio ao estudantado. Coa excepción por cuestións ligadas á pandemia Covid-19 do curso 2019-2020, o Programa organizou cada ano un acto de benvida aos novos estudantes no que se lles informou puntualmente do profesorado, dos grupos de investigación, das actividades formativas, das características e procedementos e dos requisitos para finalizar o Programa coa defensa da tese.

A Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo fixo no curso 2018/19 a primeira xornada presencial de acollida de estudantes de doutoramento, dispoñible na dirección:

<https://tv.uvigo.es/series/5ca1f0e68f4208961ec06285>.

As tres universidades, a través dos distintos servizos, contan con diversos sistemas de apoio e orientación dos estudantes unha vez matriculados, como son:

- Wifi, correo e teledocencia
- Aloxamento e transporte
- Tarxeta universitaria
- Biblioteca
- Becas e axudas
- Mobilidade
- Centro de Linguas
- Área de Normalización Lingüística
- Emprego e emprendemento
- Unidade de Igualdade
- Cultura
- Benestar, Saúde e Deporte
- Delegacións e asociacións de estudantes
- Voluntariado
- Atención á diversidade
- Gabinete Psico-Pedagóxico
- Información xeral

Resultados de satisfacción en relación cos servizos de atención e orientación:

Os servizos de orientación académica postos a disposición do Programa son en xeral suficientes, non existindo queixas dos estudantes sobre este aspecto.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD22: Xustificación da suficiencia e a adecuación dos recursos materiais e servizos directamente relacionados co programa

Indicadores:

IPD13: Porcentaxe de estudantes segundo liña de investigación

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DO PROGRAMA FORMATIVO: Os resultados de aprendizaxe correspóndense co nivel 4 do MECES. Os resultados dos indicadores do programa do doutoramento son adecuados ás súas características e ao contexto socio-económico e investigador.

6.1.- Os estudantes, ao finalizar o proceso formativo, adquiriron as competencias previstas para o programa

Aspectos a valorar:

- As teses de doutoramento, as actividades formativas e a súa avaliación son coherentes co perfil de formación e co nivel 4 do MECES.
- As contribucións científicas derivadas da tese de doutoramento, tanto as previas á súa defensa como as realizadas posteriormente, poñen de manifesto a adquisición das competencias do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Ademais dos requisitos establecidos nas tres universidades para os seus Programas de Doutoramento, a CAPD require para dar trámite á defensa da tese que o estudante teña publicado parte da mesma como artigo nunha revista académica indexada no JCR ou no SJR.

Este requisito pretende que o candidato a doutor teña mostrado unha experiencia contrastada na publicación do seu traballo de investigación en revistas académicas que teñen un sistema de avaliación por pares allea ao entorno académico do Programa.

Resultados de calidade das teses (cualificacións, mencións...):

As teses defendidas neste Programa de Doutoramento orixinaron publicacións en revistas científicas indexadas no JCR ou no SJR (ver Táboas 4 e 5). A única excepción foi una tese que, polo seu contido, foi publicada nun libro editado en Portugués e Inglés.

Por outra parte, a CAPD recomenda que, previamente á defensa da tese, o candidato/a teña presentado os resultados do seu traballo en workshops ou congresos da especialidade, preferiblemente de carácter internacional. É obrigatorio que presente o seu traballo de tese nun seminario específico.

A inmensa maioría (92%) dos doutorandos/as teñen obtido a máxima cualificación de Sobresaliente "cum laude".

6.2.- Os resultados dos indicadores académicos do programa de doutoramento e a súa evolución son axeitados e coherentes coas previsións establecidas na memoria verificada

Aspectos a valorar:

- Valoración da estimación dos resultados previstos na memoria para o programa de doutoramento, analizando as diferentes taxas, as teses defendidas e as contribucións científicas derivadas das teses.
- Os resultados dos indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados obtidos correspóndense co previsto na memoria. No período de referencia defendéronse un total de corenta e oito (48) teses das que 44 tiveron a cualificación de sobresaliente "Cum Laude". A pandemia motivou que algunhas das teses cuxa defensa estaba prevista para finais do curso 2019/20 foran finalmente presentadas meses mais tarde, xa no curso 2020/21 e que as previstas para o final dese curso, foran defendidas nos primeiros meses do seguinte, non estando recollidas neste documento.

A lingua mais utilizada na redacción e defensa das teses foi o inglés (50%), seguida do castelán, galego e portugués (2).

A porcentaxe de teses con mención internacional foi do 27% no período analizado pero a pandemia limitou o crecemento desta porcentaxe.

As teses defendidas no período orixinaron publicacións recoñecidas internacionalmente (repertorios JCR ou SJR).

Ver información nos IPD18.

6.3.- Os indicadores son adecuados ao perfil dos estudantes, de acordo co ámbito científico do programa

Aspectos a valorar:

- Analizar, á vista dos resultados obtidos polo programa no período avaliado, tendo en conta o perfil dos estudantes, as características do programa e o ámbito científico.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Programa de Doutoramento correspóndese con todas as áreas da economía e das ciencias empresariais e, consecuentemente, os perfís dos candidatos/as poden ser pouco homoxéneos xa que tamén son moi diversas as metodoloxías, técnicas e coñecementos previos mesmo dentro dunha mesma liña de investigación. O ámbito é interdisciplinar tendo cabida perfís diversos do estudantado.

Desde o inicio tivo unha demanda moi superior á prevista na memoria inicial. Isto nunca foi un problema dado o número de docentes do programa.

Particularmente, o Programa tivo unha altísima demanda de estudantes estranxeiros que non estaba prevista.

Nos criterios de selección de persoas solicitantes se establece no primeiro lugar o expediente académico. O expediente académico destes estudantes é, en moitos casos, difícil de comparar cos procedentes de España ou do noso entorno xeográfico. Como é coñecido, algúns países cualifican cualitativamente A, B, C, D, E, F, sendo o A trasladado no noso sistema con a cualificación de sobresaínte (9-10). É sabido que en moitos destes países a cualificación A soamente significa que está por enriba do 50% do estudantado. Por esta razón, nestes casos, a experiencia destes últimos anos aconsella non considerar como prioritario o expediente académico e valorar mellor o compromiso do estudantado co Programa.

Os resultados dos estudantes estranxeiros foi moi variable. Tivemos/temos moitos exemplos de estudantes excelentes e algunhas, poucas, experiencias moi negativas de estudantes que non conseguiron rematar nin un capítulo da tese ou que, unha vez aquí, procuraron traballo e deixaron o Programa.

En calquera caso, a CAPD valora moi positivamente os resultados obtidos polo programa, refrendados polos indicadores dos estudantes egresados, dos artigos publicados e dos empregos que requiren a titulación de doutor que estes ocupan na actualidade.

6.4.- A satisfacción do estudantado, do PDI, dos egresados e doutros grupos de interese é axeitada.

Aspectos a valorar:

- Análise dos indicadores de satisfacción de estudantes, PDI, egresados e outros grupos de interese.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Resultados xerais de satisfacción para cada un dos grupos de interese:

O Sistema de Garantía da Calidade (SGC) das tres universidades conta con procesos que garanten a recollida de opinión e a avaliación da satisfacción dos diferentes grupos de interese, en relación coa:

- Medición da satisfacción
- Xestión das queixas, suxestións e parabéns

Medición da satisfacción

Na EIDO, por exemplo, as actividades de medición de satisfacción comezaron no ano 2016 coa posta en marcha da primeira enquisa a estudantes, na que se valorou o curso 2015/16. As actividades de medición da satisfacción tomaron a forma de programa no que, de xeito cíclico se programan e desenvolven as accións relacionadas con esta temática:

-Primeiro ciclo: 2017/18 a 2018/19

- o Consolidación da enquisa anual de estudantes de 1º e 3º ano (cursos 2016/17 e 2017/18)
- o 2018: Realización da primeira enquisa ao PDI (directores e titores de teses), tomando toda a poboación histórica desde 2013.
- o As análises de resultados e toma de accións de mellora realizáronse na Comisión de Calidade da Eido en xullo de 2020.

-Segundo ciclo (actual): 2019/20 a 2021/22

- o 2020: realización da enquisa anual a estudantes de 1º e 3º ano (de forma extraordinaria cursos 2018/19 –retrasada pola pandemia– e 2019/20)
- o 2020: segunda enquisa ao PDI (directores e titores de teses), cos datos do período 2018/19 e 2019/20
- o Aprobación de novos cuestionarios (PAS) e fichas metodolóxicas. Realización: novembro 2021
- o Egresados: previsión de realización da 1ª medición en 2022, a través do Consello Social.

Os resultados pormenorizados da Universidade de Vigo están reflectidos no IPD19.

Na EDIUS dispoñemos dos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado e profesorado. No caso do estudantado desde o curso 2016-17 e do profesorado desde o curso 2017-18.

A información das enquisas está disponible na plataforma AVALIA <https://avalia.acsug.es/es/node/38639> (EDP 18).

NA EIDUDC, os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado, PDI e PAS elabóraos a UTC e remítense a EIDUDC para que llo fagan chegar ao/á coordinador/a de cada PD co fin de que cada CAPD os analice.

No ano 2021, co obxecto de facilitar a realización do labor de coordinación de cada POD por parte da universidade responsable administrativa, as tres universidades acordan homoxeneizar, por medio das respectivas UTC, os modelos de avaliación, os cuestionarios e a súa programación de forma que os resultados obtidos sexan facilmente analizables e integrables nos respectivos informes de seguimento e renovación de acreditación destes títulos Os modelos de avaliación acordados relativos ao alumnado e ao PDI foron aplicados no curso 2020/21 e o relativo ao PAS estase a aplicar neste primeiro trimestre do curso 2021/22.

A valoración xeral dos resultados obtidos polo Programa nas enquisas, tanto do estudantado como do

profesorado e dos servizos administrativos, é satisfactoria. En Vigo, os datos promedio do programa dos estudantes na última enquisa foron de 3,94 sobre 5; en Coruña do 4; e en Santiago de 3,84. Na enquisa de Vigo ao PAS, o resultado foi de 4 sobre 5, e nas enquisas ao profesorado, en Vigo o resultado foi de 4,13, en Coruña de 3,81 e en Santiago de 3,39, todos sobre 5. O promedio é dun 3,87 que é moi satisfactorio.

Sistema de QSP

De xeito adicional e complementario ás actividades programadas de medición da satisfacción, o sistema de QSP (queixas, suxestións e parabéns) implantouse no ciclo de doutoramento xa en 2015.

O sistema representa tanto unha canle de entrada de información para a satisfacción como unha fonte de melloras. As principais fontes de entradas de QSP son as Escolas de Doutoramento e o Servizos de Xestión de Estudos de Posgrao.

6.5.- A inserción laboral dos egresados é coherente co contexto socioeconómico e investigador do programa.

Aspectos a valorar:

- Análise da inserción laboral dos doutores/as tendo en conta os datos e estimacións que se incluíran na memoria verificada.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do programa.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En liñas xerais, existen tres fontes de datos con orixe diferente e complementarias para analizar a inserción laboral:

- Os estudos de inserción laboral competencia da ACSUG, que aínda non están activados.
- As análises de situación canto a satisfacción e empregabilidade dos egresados das universidades participantes.
- Os datos dispoñibles pola CAPD.

No caso deste Programa, os únicos datos dispoñibles son os proporcionados pola CAPD que veñen do contacto directo cos egresados.

Seguimento dos egresados e resultados de inserción laboral:

Pola información recollida dos egresados do Programa no periodo de referencia, todos eles están en situación de "ocupados".

Mais concretamente temos constancia de que 26 deles están empregados en institucións (universidades ou centros de ensino superior) nas que a titulación de doutor supón un requisito para a promoción e progreso na carreira académica. Destes egresados 15 traballan en universidades estranxeiras: catro na U. Machala e un na U. Técnica de Cotopaxi -Ecuador, dous na U. Perm e dous St. Petesburg School of Economics and Management,-Rusia, un na U. Católica do Porto e cinco en diferentes Institutos Politécnicos de Portugal. Dos once restantes, un na U. de Oviedo , un na U. de Extremadura e os restantes nas universidades do SUG. Cinco egresados obtiveron un contrato postdoural e dous foron contratados por organismos da Unión Europea (un nun centro de investigación e outro nas oficinas centrais de Bruselas).

Tamén temos constancia dun egresado que traballa nunha empresa tecnolóxica na que a titulación de doutor é moi relevante e outra nunha multinacional. doutros tres sabemos que son profesionais en activo que non precisan no seu traballo a titulación acadada. Non temos información precisa dos restantes egresados que no momento da defensa da tese eran profesionais en activo.

A situación é a seguinte:

Porcentaxe de egresados que están traballando 100%

Porcentaxe de egresados que están traballando en función do nivel de doutor > 70%

Porcentaxe de doutorandos que conseguen axudas para contratos posdoutorais > 10%

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD23: Táboa 4: Teses doutorais dirixidas no programa no período avaliado

EDP24: Táboa 5: Contribucións científicas relevantes desde a implantación do programa

Indicadores:

IPD18: Evolución dos indicadores de resultados do programa desde a implantación do título:

- Número de teses defendidas
- Porcentaxe de teses realizadas a tempo completo, a tempo parcial e con dedicación mixta
- Número de teses presentadas en galego, castelán ou outro idioma
- Duración media dos estudos a tempo completo/tempo parcial
- Taxa de éxito:
 - Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese sen pedir prórroga
 - Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese tras pedir a primeira prórroga
 - Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese tras pedir a segunda prórroga
- Porcentaxe de teses con cualificación de *cum laude*
- Porcentaxe de teses con mención internacional

IPD19: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución...)

IPD20: Datos relativos á empregabilidade dos doutorandos:

- Porcentaxe de egresados que están traballando
- Porcentaxe de egresados que están traballando en función do nivel de doutor
- Porcentaxe de doutorandos que conseguen axudas para contratos posdoutorais

3. MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
Normativa para a presentación e lectura de teses (aprobada polo Consello de Goberno na súa reunión do 20 de xuño de 2017)	Actualización da normativa para a presentación e lectura de teses de doutoramento no Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo.
Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo. (versión aprobada polo Comité de dirección do 17/12/2019 e o Consello de Goberno do 27/02/2020)	Actualización do regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo para adaptarse e por en coherencia coa aprobación do sistema de garantía de calidade en doutoramento, cos estándares europeos de investigación do programa HR <i>Excellence in Research</i> e con diversos aspectos que se poñen ao día.
Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo (modificación puntual aprobada en Comité de dirección do 17/12/2021 e o Consello de Goberno do 01/02/2022)	Modificación puntual do Actualización do regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo para permitir xa de xeito permanente a posibilidade de defensa de teses en modo non presencial ou semipresencial. Ata ese momento a defensa on-line estivo supeditada ás circunstancias da pandemia.

4. PLAN DE MELLORAS

(Ver Anexo IV)

ANEXO IV. PLAN DE MELLORAS (modelo de acción de mellora)

Accións institucionais

CRITERIO 2.3	
Denominación da proposta	Desenvolver a estrutura de calidade da web da Eido
Punto débil detectado/Análise das causas	A web da Eido non dispón dunha estrutura onde se poida realizar un fácil acceso á información relevante do SGC
Ámbito de aplicación	SGC Eido
Responsable da súa aplicación	Dirección da Eido
Obxectivos específicos	
Actuacións a desenvolver	- Diseñar a estrutura de calidade da web - Implantar a estrutura de calidade - Cargar a información relevante dispoñible do SGC
Período de execución	3º trimestre de 2018
Recursos/financiamento	Colaboración da Área TIC
Responsable do seguimento e data	Comisión de Calidade da Eido
Indicadores de execución	-
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Información dispoñible na web sobre o SGC
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	Completo. A Universidade de Vigo puxo en marcha a nova Web institucional. No apartado da Eido xa aparecen case todos os contidos definitivos.
Responsable da revisión e data	Coordinador de Calidade da Eido Xuño de 2019 Marzo de 2020
Resultados obtidos	Rematouse o deseño da páxina Web da Universidade de Vigo Está bastante desenvolvida a páxina Web da Eido https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento E dentro desta páxina, o apartado de calidade: https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade
Grao de satisfacción	Mediano. O procedemento finalizou o 1º trimestre de 2020, varios meses mais tarde do inicialmente previsto.
Accións correctoras a desenvolver	-

CRITERIO 3	
Denominación da proposta	Desenvolver os procedementos do SGC da Eido
Punto débil detectado/Análise das causas	O SGC da Eido está en fase de deseño e desenvolvemento, polo que cómpre elaborar a documentación (procedementos) seguindo o mapa de procesos establecido no Manual de Calidade.
Ámbito de aplicación	SGC Eido
Responsable da súa aplicación	Dirección da Eido
Obxectivos específicos	
Actuacións a desenvolver	- Elaborar as propostas de procedementos - Validar as propostas na Comisión de Calidade - Aprobar as propostas no Comité de Dirección
Período de execución	4º trimestre de 2018
Recursos/financiamento	Grupo de traballo (persoal da Área de Calidade, Eido, Servizo de Posgrao e as persoas que, en función dos contidos de cada procedemento, se poidan incorporar)
Responsable do seguimento e data	Comisión de Calidade da Eido Xuño 2018
Indicadores de execución	-
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Actas da Comisión de Calidade e do Comité de Dirección nas que reflentan a validación e aprobación dos procedementos de calidade.
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	Total (rematado) O SGC foi validado na Comisión de Calidade da Eido o 14.12.2018 e aprobado no Comité de Dirección o 17.12.2018. Enviado á ACSUG o 20.12.2018.
Responsable da revisión e data	Coordinador de Calidade da Eido Xuño de 2019 Febreiro de 2020
Resultados obtidos	Rematouse o deseño do 100% dos procesos de SGC. Desenvolveuse toda a estrutura documental (manual, procedementos e anexos) nos prazos programados. O proceso participativo deu lugar a propostas de mellora que se foron incorporando aos procedementos. Informe de certificación do deseño de ACSUG de 30.07.2019. Resultado: FAVORABLE. A documentación do SGC está dispoñible na ligazón: https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade
Grao de satisfacción	Alto
Accións correctoras a desenvolver	--

CRITERIOS 3 e 6	
Denominación da proposta	DESEÑO DA MEDICIÓN DA SATISFACCIÓN DOS GRUPOS DE INTERESE DA EIDO
Punto débil detectado/Análise das causas	Dispor de mecanismos de recollida de opinión dos grupos de interese máis relevantes dos programas de doutoramento da Eido. A situación actual é a seguinte: 1 Estudantado: o curso 2015/16 xa se puxo en marcha a avaliación de satisfacción. A metodoloxía elixida foi a enquisa: unha para o estudantado de 1º ano e outra para o de 3º ano. Posto que ten unha frecuencia anual, realizarase de novo este curso. Este curso 2016/17 realizouse por segunda vez esta avaliación. 2 Outros grupos de interese relevantes (profesorado –direccións de teses, titores/as-, persoal de administración e titulados): non se dispón, polo de agora, de mecanismos para recoller sistematicamente a súa opinión. A comisión de calidade da Eido debe deseñar un programa de medición da satisfacción adaptado.
Ámbito de aplicación	Todos os PD adscritos á EIDO
Responsable da súa aplicación	Comisión de Calidade da EIDO
Obxectivos específicos	Dispor de resultados de satisfacción dos grupos de interese que permitan mellorar os programas de doutoramento
Actuacións a desenvolver	Deseñar e aprobar un programa de medición da satisfacción adaptado aos grupos de interese máis relevantes da Eido (previsto para a vindeira comisión de calidade) Implantar o programa
Período de execución	Curso 2017-18 e 2018/19
Recursos/financiamento	-
Responsable do seguimento e data	Coordinador de calidade da EIDO Xuño 2018 Marzo 2020
Indicadores de execución	-
Evidencias documentais e/ou rexistros que se presentan/presentarán para evidencias a súa implantación	Deseño do programa de medición da satisfacción Informes de resultados de avaliación da satisfacción
Observacións	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumprimento (total ou parcial)	Parcial (en curso) Seguindo o Deseño da avaliación da satisfacción dos grupos de interese dos PD da Eido aprobada na Comisión de Calidade da Eido en febreiro de 2018, realizáronse: -enquisa a estudantes: 2015/16, 2016/17, 2017/18, 2018/19, 2019/20 e 2020/21. -enquisa a profesorado (directores e titores de teses): 2018 (período 2012/13

	a 2017/2018) e 2020 (período 2018/19 e 2019/20) -grupo de traballo co PAS: realizada en novembro de 2021. Están pendentes: -enquisa a egresados: prevista para 2021, adiouse ao 2ºT 2022 A Comisión de Calidade da Eido, na súa reunión de xullo de 2020, realizou un seguimento e análise dos resultados obtidos no período 2017/18 e 2018/19 e aprobou a programación para o novo período 2019/20 a 2021/22.
Responsable da revisión e data	Coordinador de Calidade da Eido Xuño de 2019 Febreiro 2021 Febreiro 2022
Resultados obtidos	Leváronse a cabo os procesos de avaliación segundo o previsto (estudantado e profesorado), empregando a plataforma de enquisas LimeSurvey https://secretaria.uvigo.gal/enquisas/index.php/admin/authentication/sa/login Os cuestionarios, aprobados pola Comisión de Calidade da Eido, están dispoñibles en tres idiomas (galego, castelán, inglés). Existen resultados e indicadores de satisfacción para o estudantado e profesorado. Os datos están publicados no Portal de Transparencia da UVigo, na ligazón https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/28 Realizáronse as análises oportunas na Comisión de Calidade da Eido e nas CAPD.
Grao de satisfacción	Alto Os resultados son, en xeral, positivos e dan pistas para mellorar os procesos e os programas. En particular, os resultados de participación xerais, en todas as enquisas, están entre o 40% - 55% e os de satisfacción maioritariamente por riba do valor 3,5/5.
Accións correctoras a desenvolver	-- (As accións para mellora o programa de medición de satisfacción tomaranse na Comisión de Calidade da Eido)

CRITERIO 6. RESULTADOS DO PROGRAMA FORMATIVO	
Denominación de la propuesta	Diseñar las encuestas que se aplicarán a todos los grupos de interés, aplicar dichas encuestas y analizar los resultados
Punto débil detectado/Análisis de las causas	Se debe recabar información sobre la satisfacción de todos los grupos de interés (alumnado, PDI, egresados, PAS,...) en las dos universidades de forma continuada y sistemática, a fin de disponer de fuentes de información útiles para la mejora del Programa.
Ámbito de aplicación	Programas de doctorado
Responsable de su aplicación	- Vicerrectorado de Oferta Académica e Innovación Docente (VOAID)/Unidad Técnica de Calidad - Comité de Dirección de la EIDUDC - Comisión Permanente del Comité de Dirección de la EIDUDC - Comisión Académica del Programa de Doctorado (CAPD)
Objetivos específicos	- Diseñar las propuestas de encuestas de satisfacción - Analizar y aprobar los modelos de encuestas - Aplicar las encuestas - Tratar los datos - Analizar los resultados
Actuaciones a desarrollar	- Constitución del grupo de trabajo - Elaboración de las propuestas de encuestas de satisfacción. - Presentación de las propuestas a la Comisión Permanente del Comité de Dirección de la EIDUDC para su análisis y aprobación. - Aplicación de las encuestas - Tratamiento de datos por la UTC - Análisis de datos por las CAPD
Período de ejecución	Cursos académicos 2016/2017, 2017/2018 y siguientes.
Recursos/financiación	No se necesitan recursos adicionales
Responsable del seguimiento y fecha	Comisión Permanente del Comité de Dirección de la EIDUDC. Primer trimestre del curso 2017/2018. (Con informes de seguimiento/renovación acreditación de los Programas de Doctorado)
Indicadores de ejecución	- No aplica
Evidencias documentales y/o registros que se presentan/presentarán como evidencias de su implantación	- Actas de las reuniones realizadas. - Modelos de encuestas aprobadas. - Análisis de encuestas.
Observaciones	

Revisión/Valoración	
Nivel de cumplimiento (total o parcial)	Parcial (90%)
Responsable de la revisión y fecha	Comisión Permanente del Comité de Dirección de la EIDUDC. Febrero 2022
Resultados obtenidos	Se han elaborado y aplicado encuestas a los grupos de interés que se indican a continuación: - Estudiantes (cursos: 2017/18, 2018/19, 2019/20, 2020/21). - PDI (cursos: 2017/18, 2018/19, 2019/20 y 2020/21) - PAS (periodicidad bienal, se pasó por primera vez al personal de la Oficina de Apoyo a la EIDUDC y al personal de las Unidades de Apoyo a Departamentos e Investigación (UADI) en 2019 para el curso 2018/19 se está en estos momentos para el curso 2020/21). - Titulados: se va empezar a aplicar en el curso 2021/22. - Egresados: se va empezar a aplicar en el curso 2021/22. En mayo de 2021, las tres universidades del SUG han firmado el acuerdo de homogeneización de la medición de la satisfacción, por grupos de interés de los POD. Los modelos de evaluación acordados relativos al alumnado y al PDI fueron ya fueron aplicados. El modelo de evaluación del PAS se está aplicando en estos momentos, para el curso 2020/21.
Grado de satisfacción	Medio (dentro de los valores de referencia bajo-medio-alto)
Acciones correctoras a desarrollar	- Seguir potenciando la participación de los distintos grupos de interés en las encuestas de satisfacción. - Aplicar las encuestas a las personas tituladas y a los egresados.

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDAD (SGC)	
Denominación de la propuesta	Diseñar el SGC de la Escuela Internacional de Doctorado (EIDUDC).
Punto débil detectado/Análisis de las causas	Se deben desplegar completamente los SGC de las Escuelas de Doctorado de las dos Universidades que participan en el título
Ámbito de aplicación	SGC de la EIDUDC
Responsable de su aplicación	- Vicerrectorado de Planificación Académica e Innovación Docente (VPAID) - Comité de Dirección de la EIDUDC (CD) - Unidad Técnica de Calidad (UTC) - ACSUG - Comisión Académica del Programa de Doctorado (CAPD) - Coordinadores/as de los programas de doctorado
Objetivos específicos	- Diseñar la documentación del SGC: elaborar el manual y los procesos. - Aprobar el SGC. - Remitir el SGC para la certificación del diseño.
Actuaciones a desarrollar	- Constitución del grupo de trabajo - Elaborar una propuesta de manual y procesos del SGC. - Presentación de la propuesta a la Comisión Permanente del Comité de Dirección de la EIDUDC para su análisis. - Aprobación del SGC por la Comisión Permanente del Comité de Dirección de la EIDUDC. - Remitir la documentación del SGC a la ACSUG para la certificación del diseño
Período de ejecución	Cursos académicos 2016/2017 y 2017/2018.
Recursos/financiación	No se necesitan recursos adicionales
Responsable del seguimiento y fecha	Comisión Permanente del Comité de Dirección de la EIDUDC. Antes del fin del curso 2017/2018.
Indicadores de ejecución	No aplica
Evidencias documentales y/o registros que se presentan/presentarán como evidencias de su implantación	- SGC de la EIDUDC diseñado - Informe de certificación del diseño del SGC
Observaciones	
Revisión/Valoración	
Nivel de cumplimiento (total o parcial)	Parcial (90%)
Responsable de la revisión y fecha	Comisión Permanente del Comité de Dirección de la EIDUDC.

	Febrero, 2022
Resultados obtenidos	- Grupo de trabajo constituido - Propuesta de manual y procesos del SGC elaborados. - La Comisión Permanente del Comité de Dirección de la EIDUDC realizó el análisis y aprobó del SGC. - Se remitió la documentación del SGC a la ACSUG para la certificación del diseño. - La comisión de evaluación emitió el 15/10/2018 el informe provisional y se lo remitió a la UDC. - La UDC remite a la ACSUG la respuesta a dicho informe el 16/11/2018, junto con la documentación del SGC modificada en base a este. - La comisión de evaluación emite el 11/03/2019 un segundo informe provisional y se lo remite a la UDC. - La UDC remite a la ACSUG la respuesta a dicho informe el 5/08/2020, junto con la documentación del SGC modificada en base a dicho informe. - La Comisión de evaluación emitió el 15/12/2020 el informe final de certificación del diseño con valoración favorable - Tanto las CAPD como los/as coordinadores/as de los POD de la EIDUDC conocen y están implantando el SGC.
Grado de satisfacción	Alto (dentro de los valores de referencia bajo-medio-alto)
Acciones correctoras a desarrollar	- Seguir trabajando en la puesta en marcha y mejora de la aplicación informática para la gestión del SGC de la EIDUDC.